

PLAN TIC

CURSO 2020-2021

Equipo TICs – CEIP Virxe de Covadonga

XUSTIFICACIÓN.

PLAN DE ADAPTACIÓN Á SITUACIÓN COVID 19-20 NO CURSO 2020-21.

SITUACIÓN ACTUAL.

OBXECTIVOS.

OBXECTIVOS XERAIS.

ACTIVIDADES.

ORGANIZACIÓN

AVALIACIÓN

METODOLOXÍA DE TRABALLO QUE SE SEGUIRÁ NO CASO DE ENSINO A DISTANCIA

XUSTIFICACIÓN

A incorporación das Tecnoloxías da Información e a Comunicación nos centros escolares supón moito máis que dotar aos centros do equipamento e a infraestrutura. Require reformular e definir os contidos curriculares, o papel do alumno e do docente, e definir a propia organización do espazo e do tempo.

O uso das Tecnoloxías, e máis concretamente do ordenador, xeneralizouse de tal forma que resulta unha ferramenta imprescindible na actualidade. Neste sentido, a escola non debe permanecer de costas a esta realidade e debe proporcionar aos alumnos as aprendizaxes e recursos necesarios para que aprendan a utilizar esta ferramenta da forma máis adecuada.

A utilización destas ferramentas por parte dos profesores e os alumnos introduce unha nova dimensión nos procesos de ensinanza aprendizaxe que deben ser tidos en conta por todos os docentes do Centro. É dicir, expómonos a optimizar o uso dos equipos existentes dentro do proceso de ensinanza- aprendizaxe. Esta situación require, por tanto, que elaborem un **Plan de Integración e Fomento das T.I.C.** que nos permita achegar ao alumno e ao mestre ao ordenador dunha maneira sinxela e directa. A finalidade principal deste Plan non será levar os ordenadores simplemente ás aulas, senón convertelos realmente nunhas ferramentas eficaces en mans dos docentes para levar a cabo os procesos de ensinanza-aprendizaxe, aumentando desta maneira a calidade da educación que ofrecemos aos nosos alumnos.

Neste sentido, o Plan de Integración e Fomento das T.I.C. é entendido como un recurso a disposición do profesorado encamiñado a potenciar a utilización das novas tecnoloxías, e máis concretamente o ordenador, como unha ferramenta máis dentro do proceso de ensinanza-aprendizaxe, ademais de desenvolver no alumnado aquelas competencias necesarias para que utilicen o ordenador da forma máis adecuada e segura.

O destino final deste Plan TIC, é converterse nunha parte máis do noso P.E. así como das nosas Concrecións Curriculares. Por tanto, non terá sentido

se non é asumido polo Centro no seu conxunto como unha parte integrante da realidade do mesmo.

PLAN DE ADAPTACIÓN Á SITUACIÓN COVID 19-20 NO CURSO 2020-21

A situación da pandemia da Covid-19 e o confinamento, alterou en grande medida a vida diaria dos nosos alumnos e alumnas e tamén das nosas familias. Interrumpiuse a súa vida cotiá ao deixar de asistir ao colexio; en moitos casos, os seus pais e nais deixaron de acudir aos seus traballos, tendo que realizar esas tarefas dende os fogares; noutros, incluso se viron en moitas situacións de desemprego. Por outro lado, tamén se interrompiu o contacto físico con familiares e amigos, tendo que adaptarse as novas tecnoloxías no referente á educación non presencial.

Derivada desta situación en convivencia co COVID-19, houbo que mudar normas na organización e no funcionamento do centro. Dita información formará parte de diferentes actividades para a súa interiorización.

Outra das consecuencias da presenza do COVID-19 é a posibilidade de que o ensino poida ser presencial e de que, dun modo combinado ou total, nalgún momento do curso teña que ser un ensino non presencial. O alumnado deberá aprender a desenvolverse nas Aulas Virtuais para ter o menor número de dificultades, no caso de que o profesorado non puidera darlle resposta educativa de xeito presencial. Todo o exposto anteriormente traballárase durante as dúas primeiras semanas do curso para un mellor desenvolvemento do proceso de ensino- aprendizaxe no curso 2020-2021, e traballárase de modo transversal o resto do ano.

OBXECTIVOS

Os obxectivos fundamentais que se pretenden conquistar serán os seguintes:

- Detectar de maneira temperá as posibles dificultades emocionais do alumnado
- Desenvolver no alumnado estratexias de xestión emocional e hábitos de estudo a través da acción tutorial.
- Atender de xeito individualizado aos alumnos/as que o necesiten.
- Conquistar por parte do alumnado autonomía no uso das novas tecnoloxías, sobre todo na plataforma da Aula Virtual, para garantir a continuidade pedagóxica de calidade e equitativa para todo o alumnado no caso de novos confinamentos ou dun sistema mixto (presencial/online).
- Interiorizar as medidas de hixiene de prevención persoal, para ir sendo máis

independientes nas súas rotinas, aínda que siga existindo supervisión.

- Responsabilizarse do seu material e da súa hixienización, así como daquel que utilice de uso común.
- Adquirir hábitos de traballo e de organización no estudo.
- Seguir cos protocolos establecidos pola administración educativa e sanitaria da nosa Comunidade Autónoma.

As actividades que se desenvolverán, como mínimo, durante os primeiros quince días de inicio de curso. Ditas actividades deberán ter en conta os aspectos relacionados a continuación:

- Novas normas de organización e funcionamento do centro
- Actuacións de prevención, hixiene e protección
- Accións formativas para a mellora da competencia dixital do alumnado necesaria para o seu desenvolvemento na modalidade de ensino presencial ou, de ser o caso, non presencial.
- Atención aos aspectos emocionais e sociais, mediante a realización de actividades grupais de acollida e cohesión.
- Traballo regular co alumnado con diferentes aplicacións informáticas, uso da Aula Virtual do cole, así como navegar e investigar outras páxinas na Internet con contidos interesantes e axeitados que complementen o traballo na aula.

SITUACIÓN ACTUAL

Para levar a cabo o noso Plan de Integración e Fomento das T.I.C. é necesario partir dunha análise previa da situación na que se atopa o Centro. Neste sentido tivemos en conta as seguintes cuestións:

Constitución do Equipo TICs

- Leticia M^a Aguado Casasola (Coordinadora do Equipo)
- María Generosa Álvarez Diéguez
- María Luisa Borrajo Castro
- María Flora Calviño Martínez
- M^a Begoña Fernández Pérez

- Marcos Macía González
- María de Mar Nóvoa Souto
- Celsa Pérez López (Coordinadora EDIXGAL)
- Natalia Pernas Nogueiras
- Begoña Rodríguez Macía

Recursos do Centro e a súa utilización

Para levar a cabo o noso Plan TIC o Centro dispón dos seguintes recursos:

- Un ordenador, cando menos, por aula, con conexión a internet e equipo de son.
- Dez pizarras dixitais. Hai unha en Infantil (5º-6ºA); unha en cada aula de infantil do edificio de Eiroás; unha na aula de 2ºA; outra na aula de 4ºB; e unha por cada unha das 2 aulas EDIXGAL e na aula de 6º de Eiroás. Tamén contamos con pizarra dixital nas aulas de inglés dos edificio de Covadonga e Eiroás. No resto das aulas dispomos de pizarras vellea, que serven ao mesmo tempo para a proxección dos canóns.
- Unha sala de informática no edificio de Covadonga con 10 ordenadores.
- Unha sala de informática na biblioteca do edificio de Eiroás con 8 ordenadores
- Un ordenador dixital na aula de PT.
- Dúas salas de profesores con ordenadores con conexión a internet, para o traballo persoal dos docentes.
- Páxina web do Centro(<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipvirxecovadonga/>)
- Aula virtual do Centro (<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipvirxecovadonga/aulavirtual/>)
- Programas educativos para as diferentes áreas e os diferentes niveis, os cales se poden ir incrementando en función dos recursos dos que dispoña o Centro.

Arquitectura da rede local

Contamos cunha rede local Intranet en cada edificio do colexio, grazas á cal é posible compartir recursos e acceder a Internet a través dunha mesma conexión.

A maioría dos ordenadores sitúanse na Aula de Informática da unidade de Covadonga. Tamén se conectan á rede os ordenadores da Biblioteca, Sala de Profesores, Orientación, Dirección e Secretaría, na mesma Unidade. O acceso a Internet realízase a través do servidor da Consellería de Educación.

A **unidade de Covadonga** conta co servizo de internet con puntos WiFi (2 na planta baixa, 4 na 1^o planta e 2 na 2^a planta). Este servizo é deficitario, xa que a maior parte dos días non funciona por ter unha calidade de sinal moi baixa ou nula. Por esta razón, o ano pasado se procedeu ao cableado de parte das aulas, quedando pendentes tres da 1^a planta.

A **unidade de Eiroás** conta co servizo de internet por cable en todas as aulas. Tamén conta con servizo de internet con puntos WiFi.

Nas Bibliotecas do Centro configurouse un ordenador co Programa MEIGA. Os profesores autorizados do Equipo de Dinamización da Biblioteca utilizan este Programa para informatizar a súa xestión




Ilustración 1. Unidad de Covadonga




Ilustración 2. Unidade de Eiroás

OBXECTIVOS

Como dixemos, entendemos o Plan de Integración e Fomento das T.I.C. como un recurso a disposición do profesorado encamiñado a potenciar a utilización das tecnoloxías, e máis concretamente o ordenador, como unha ferramenta máis dentro do proceso de ensinanza-aprendizaxe, ademais de desenvolver no alumnado aquelas competencias necesarias para que o utilicen da forma máis adecuada e segura.

A finalidade principal deste plan é converter o TIC nunhas ferramentas eficaces en mans dos docentes para levar a cabo os procesos de ensinanza- aprendizaxe, aumentando desta maneira a calidade da educación que ofrecemos aos nosos alumnos.

Por tanto, no Plan TIC, non basta con ter os ordenadores e as pizarras dixitais nas aulas e utilzalos de maneira esporádica en determinadas actividades e sempre en función da formación do titor correspondente. Se non que engloba unha serie de prácticas e actuacións secuenciadas e temporalizadas que todos os profesores do Centro deben realizar de forma coordinada e planificada.

As Tecnoloxías deberán estar inmersas nas distintas áreas curriculares. O alumno/a emprégaos para descubrir ou reforzar aprendizaxes recollidas no currículo cotián. Non cabe dúbida de que o alumno á súa vez irá familiarizándose co ordenador e adquirirá formación colateral no seu manexo. No CEIP de Covadonga preténdese que todos os mestres poidan acceder con todos os alumnos ás novas tecnoloxías, para o cal proponse que durante un tempo no primeiro trimestre, os mestres familiarícense cos programas educativos que lle poidan ser útiles.

Así mesmo o seu uso por parte do profesorado favorece situacións no sentido de mellorar a calidade educativa:

- Proporciona unha boa ferramenta para o seu traballo titorial e de docencia directa en relación coa produción de textos escritos e o manexo de bases de datos.
- Permite xestionar con eficacia e control os recursos do centro: Biblioteca, Videoteca, etc.
- Favorece a procura de información e intercambio de experiencias con outros compañeiros sobre múltiples aspectos do currículo.

En canto ao área administrativa grazas ao uso do ordenador optimízase a xestión relacionada con:

- Comunicación oficial do Centro coa Administración, outros centros, etc.
- Contabilidade.
- Base de datos de alumnos e familias.

Neste sentido, son catro os ámbitos sobre os que xiran os obxectivos do Plan:

- a. O ordenador da aula e a pizarra dixital.
- b. A sala de informática.
- c. A AULA VIRTÚAL e a PÁXINA WEB do Centro.
- d. As aulas EDIXGAL.

OBXECTIVOS XERAIS

ALUMNO/A

- Favorecer un uso máis educativo dos medios.
- Espertar o interese por aprender ao apoiarse nun soporte audiovisual de comunicación.

- Descubrir ou reforzar as aprendizaxes de aula mediante o uso destes medios.
- Adquirir estratexias intelixentes de procura, tratamento, procesamento e presentación da información.
- Desenvolver o sentido crítico respecto da información recibida destes medios.
 - Fomentar o traballo cooperativo entre os alumnos.
- Estimular a creatividade e a imaxinación utilizando estes medios de comunicación e expresión.
- Superar as barreiras xeográficas que o alumno ten para comunicarse cos seus compañeiros de clase, do colexio, doutros colexios, doutras cidades, países, etc. tanto na escola coma no seu fogar.
- Potenciar a integración dos alumnos con necesidades educativas especiais mediante o manexo de materiais adaptados e flexibles.
- Familiarizarse coa nova forma de aprender que o uso destes medios achegan: formación virtual onde non é necesaria a coincidencia espacial (presencial ou a distancia) nin temporal (en tempo real ou diferido).
- Tomar conciencia de que as novas estratexias adquiridas son a base para a aprendizaxe autónoma do alumno ao longo de toda a súa vida.
- Conquerir por parte do alumnado autonomía no uso das novas tecnoloxías, sobre todo na plataforma da Aula Virtual, para garantir a continuidade pedagóxica de calidade e equitativa para todo o alumnado no caso de novos confinamentos ou dun sistema mixto (presencial/online).

PROFESOR

- Coñecer e usar cos alumnos as tecnoloxías para descubrir e reforzar contidos curriculares.
- Diseñar programas de apoio a alumnos con necesidades educativas especiais utilizando as vantaxes destes medios.
- Experimentar novos modelos de aprendizaxe alternativos á instrución directa tradicional baseados na investigación e indagación prismática (non lineal).
- Desenvolver modelos de avaliación sobre os resultados que o uso das tecnoloxías producen no sistema educativo xeneral.

- Planificar a Aula Virtual do centro, dotándoa de contidos próximos ao alumno.
- Mellorar o traballo tutorial e de docencia sobre todo na produción de textos escritos e manexo dunha base de datos.
- Favorecer o intercambio de información con outros profesores en proxectos de innovación e investigación.
- Participar en programas de formación (presencial e a distancia) para o uso pedagóxico destes medios no ensino diario.
- Recoñecer o novo rol do profesor como deseñador e facilitador de contornas de aprendizaxe abandonando o seu papel de simple transmisor de coñecementos.
- Integrar positivamente aos alumnos/as de 5º utilización da Rede EDIXGAL e no uso das ferramentas que nos proporciona.

ACTIVIDADES

- **Uso de programas educativos**
Co obxectivo de apoiar a aprendizaxe de aula utilízanse os programas educativos contidos nos recursos educativos en liña do portal da Consellería de Educación así como outros máis comerciais: A Aventura das palabras, O Príncipe Feliz, Gartu, etc.
- **Consulta de Enciclopedias Dixitais**
Buscar información sobre temas de interese que xurdan na vida escolar cotiá.
- **Animación á lecto-escritura**
Utilización dun procesador de textos na elaboración de textos escritos con certa calidade de presentación e aproveitando todas as vantaxes do seu uso.
- **Iniciación a Internet**
Trátase de garantir unha iniciación do alumno no manexo das ferramentas básicas de Internet -sempre incidindo no uso responsable e

seguro-: navegación, buscadores, comunicación cos demais vía email,... O ensino enfocárase expondo situacións e problemas intimamente relacionados co mundo académico e intereses persoais do alumnado.

- **Procura de información na web**

Os alumnos utilizarán os motores de procura web para recompilar información sobre temas de interese. Co emprego destes medios resolverán actividades das diferentes áreas e poderán elaborar traballos de documentación.

- **Páxina web do Centro**

Encher de contido a páxina web do Centro implicando o maior número de profesores/as, e outros membros da comunidade educativa.

- **Aula virtual do Centro**

Conquerir por parte do alumnado autonomía no uso da Aula Virtual, para garantir a continuidade pedagóxica de calidade e equitativa para todo o alumnado no caso de novos confinamentos ou dun sistema mixto (presencial/online).

- **Proxecto Edixgal**

No curso 20-21 vaise poñer en funcionamento o proxecto **EDIXGAL** en 5º de primaria, para o que se enviaron 22 ordenadores (pendentes todavía de recibir os do profesorado). Realizarase un PFPP de EDIXGAL neste curso, para que o profesorado que da clase neses cursos se familiarice co uso dos equipos e dos recursos dispoñibles. As clases que forman parte deste proxecto, modificaron o proceso de ensinanza-aprendizaxe, sendo esta ferramenta un elemento indispensable e con multitude de posibilidades.

- **Formación do profesorado**

Durante o primeiro trimestre do curso 20-21 o profesorado participará en dous cursos de ferramentas tecnolóxicas.

O primeiro “*ACTUALIZACIÓN DE FERRAMENTAS TECNOLÓXICAS PARA DOCENTES 10 HORAS (NIVEL INICIAL)*” e o segundo “*APROVEITAMENTO DIDÁCTICO DE FERRAMENTAS INSTITUCIONAIS PARA O ENSINO MIXTO 15 HORAS (NIVEL AVANZADO)*”

ORGANIZACIÓN

Unha boa organización é clave no éxito en calquera proxecto. En canto á organización que levaremos para pór en práctica o noso Plan TIC centrarémonos en dous ámbitos que cremos fundamentais:

- O coordinador TIC e as súas funcións.
- Organización dos recursos humanos e materiais.

O Coordinador TIC

Como dixemos na introdución, para a realización do Plan TIC é necesaria a implicación de todo o claustro pois son eles os que levarán a cabo as actividades diarias relacionadas coas TIC.

Con todo, para alcanzar os obxectivos propostos e obter un rendemento óptimo dos recursos dispoñibles resulta necesaria a figura do Coordinador, que leve o peso do TIC no Centro. As súas funcións serán:

- Fomentar a utilización por parte do resto dos mestres do TIC, apoiando ao profesorado na integración do TIC no currículo.
- Informar o profesorado sobre as novas ferramentas tecnolóxicas, os produtos e sistemas dispoñibles para o ensino, e difundir a súa utilización na aula e na acción docente, para o que manterá un catálogo actualizado de recursos.
- Elaborar, en coordinación cos outros membros do Equipo, o Plan de Integración e Fomento das T.I.C.
- Editar, publicar e manter a páxina web do Centro e a Aula Virtual.
- Dinamizar e impulsar no Centro cantas iniciativas e proxectos xurdan entre o profesorado e o alumnado relacionados coas novas tecnoloxías e a educación.
- Organizar e xestionar os medios e recursos de que dispón o Centro, e mantelos operativos e actualizados.
- Apoiar e estimular a formación do profesorado no uso e a integración das novas tecnoloxías no Centro en coordinación co CFR e a Consellería de Educación.
- Difundir as noticias de interese para o Centro que se produzan no portal educativo da Consellería ou noutras páxinas de Internet.

Organización dos recursos materiais e humanos

En canto á organización dos **recursos materiais** debemos partir dos recursos dos que dispón o Centro. Neste sentido dispomos dos que xa foron enumerados previamente no apartado correspondente. Tentarase levar a cabo un filtrado, actualización e mellora organizativa de todos eles, dando así mesmo solucións as incidencias xa existentes e as novas que vaian xurdindo.

Temos que facer unha distinción entre os ordenadores da sala de informática e os ordenadores e pizarras dixitais de cada unha das clases.

- Ordenador da aula: como dixemos, en cada unha das aulas existe un ordenador con conexión a Internet e equipo de son. Estes recursos utilizaranos os titores nas súas clases segundo as súas programacións.
- Aula de informática: para a utilización desta aula establecerase un horario para que todas as clases do edificio de Covadonga poidan acudir a ela polo menos unha hora á semana.

Software comercial xeral

Nesta categoría inclúense todos aqueles programas comunmente estendidos e cuxo manexo forma parte da alfabetización necesaria, cada vez máis, para o uso dos medios:

Espazo Abalar

Windows 98, 2000 XP Windows 7, Windows 10, Ubuntu e Lubuntu: sistema operativo.

Word e *OpenOffice* : procesador de textos. Internet Explorer, Firefox, Chrome: navegador. Outlook: xestor de correo.

Winzip e *WinRAR* : compresión de arquivos. Adobe Acrobat Reader: lectura de arquivos PDF.

Software educativo comercial

Estes programas foron editados por empresas de software. Xeralmente son moi xenéricos e pouco flexibles. Na actualidade trabállase no Centro cos seguintes:

- Enciclopedia Larousse.
- Galingua.
- A hora Máxica.
- Taller de contos: O Príncipe Feliz. Anaya Educación.
- A aventura máxica de Merliño.
- A Gran Aventura das palabras. Anaya Interactiva.
- Gartu.
- Programas de Inglés: Great Explorers.
- Aprendilandia.
- La familia García
- Despierta tu mente con Pipo.
- Dikie & Dukie

Ante a ampla oferta de software educativo do mercado é necesario seleccionar aquel máis adecuado. A valoración realízase en función de criterios de calidade funcionais, técnicos e pedagóxicos. Cando un material é elixido a seguinte fase consiste en adaptalo o máis posible á realidade do alumno/a.

No que respecta a recursos humanos: Organización do profesorado

O titor é o encargado de integrar as TICs na súa clase. Posto que cada clase conta cun ordenador con conexión a Internet e equipo de son, todos os titores poden desenvolver o proceso de ensinanza-aprendizaxe introducindo o TIC. No caso das aulas que contan con pizarra dixital, o titor pode e debe desenvolver plenamente as súas clases coas TICs incorporadas.

Un aspecto importante respecto da organización do profesorado é o feito de que durante cursos académicos anteriores formouse un grupo de traballo relacionado co uso e a integración das tecnoloxías no proceso de ensinanza-

aprendizaxe. A formación obtida desta forma é a que fai posible, en maior ou menor medida, que o Plan TIC poida levarse a cabo, se ben detéctase que sería moi positivo continuar e profundizar na formación.

Organización dos alumnos

A organización dos alumnos vai depender sempre do número dos mesmos, do número de ordenadores e do tipo de traballo que se queira realizar. Neste caso como nos decantamos por que sexa o titor o que leve a cabo as actividades TIC na aula, será o titor o encargado de determinar a organización máis adecuada para o seu alumnado.

AVALIACIÓN

O Plan intentará detectar os obxectivos acadados e os incumpridos, así como as estratexias que deberán adoptarse para alcanzar os non conseguidos. Para isto elaboraranse cuestionarios que se lles pasarán aos alumnos e aos profesores nos que se exporá o grao de satisfacción dos obxectivos propostos e as expectativas que poderán existir cara o futuro.

METODOLOXÍA DE TRABALLO QUE SE SEGUIRÁ NO CASO DE ENSINO A DISTANCIA.

A metodoloxía será colaborativa e participativa, na que o principio de actividade será un dos eixos vertebradores do proceso de ensino- aprendizaxe, xunto coa aprendizaxe significativa.

Durante o período de suspensión da actividade presencial tomaranse as seguintes medidas:

- a) Manter o contacto permanente co alumnado e as súas familias, tanto para coñecer a evolución do estado de saúde, como para continuar co ensino a distancia.
- b) Actualizar a aula virtual para garantir a continuidade no proceso de ensino-aprendizaxe. Tamén se utilizarán outros recursos elaborados polo profesorado do centro, os contidos Abalar na web da Consellería, os contidos dixitais do Ministerio de Educación, e aqueles outros existentes na rede e considerados axeitados para o nivel educativo no que se vaia a empregar.

O ensino non presencial será impartido polo profesorado ordinario do alumnado preferentemente a través da aula virtual de cada grupo. O profesorado realizará o

seguimento do alumnado impartindo os coñecementos da materia de xeito virtual a través dos contidos dispoñibles, ben achegados polo profesorado ou ben os que poña a disposición a Consellería. Igualmente, o/a mestre/a poderá propor tarefas ao alumnado que reforcen o contido da materia ou a avaliación continua da mesma.

Utilizarase como mecanismo de comunicación coas familias a páxina web do centro, aula virtual, Abalar-Móbil e/ou correo electrónico corporativo.

